



CONTRACCIÓN DO ARTIGO

PREPOSICIÓN + ARTIGO DETERMINADO

(VAI ACOMPAÑADO DUN SUBSTANTIVO)

	A	O	AS	OS
A	á	ao	ás	aos
POR	pola	polo	polas	polos
DE	da	do	das	dos
EN	na	no	nas	nos
CON	coa	co	coas	cos

1. Completa ca contracción mais un artigo determinado:

- a) Fun a Madrid meu irmá e miña irmán.
- b) Non sei onde puxen a correa miña cadela.
- c) Bañámonos piscinas termais de Ourense.
- d) Estou de acordo decisión tomada titoría.
- e) Cando vaia a Coruña, viaxarei tren.
- f) meu barrio vive moita xente.
- g) botas de auga non te molas.
- h) Farei uns pasteis ovos galiñas miña avoa.
- i) rapaces colexio, so hai un que coincidimos campamentos.

PREPOSICIÓN + ARTIGO INDETERMINADO

(VAI ACOMPAÑADO DUN SUBSTANTIVO)

	UNHA	UN	UNHAS	UNS
DE	dunha	dun	dunhas	duns
EN	nunha	nun	nunhas	nuns
CON	cunha	cun	cunhas	cuns

2. Completa ca contracción mais un artigo indeterminado:

- a) Fun compañeiro á casa curmá.
- b) Amáñome zapatillas, cor claro.
- c) Viaxei amiga a Portugal, fomos bote de remo.
- d) Entramos covas lanternas e aparellos de espeoloxía.
- e) colexios levan uniforme e noutros non.
- f) Fixen unha almofada restos que tiña pola casa.



3. Escribe un artigo determinado ou indeterminado e /ou contracción co artigo mais axeitado ou un artigo .

- a) das casas que están na ladeira montaña e meus avós.
casa ten un tellado moi inclinado tellas cor alaranxado.
- b) Onte fomos praia meus amigos. Fomos furgoneta.
- c) praia xogamos táboas de surf.
- d) Onte meu can escondeu os seus xoguetes debaixo caixas .
- e) miña nai quere que coma pasta culler e garfo.
- f) Collín miñoca dedos, e miña irmán paus.

4. Escribe as contraccións na liña de abaixo as que hai neste texto.

Nesta nova aventura dos Megatoxos, Ruxe, Ninfa, Faísca e Lúa viaxan ao Xapón medieval na procura do Toxo para evitar que Namuzu, unha aparición oriental, provoque un terremoto devastador. Alí comprenderán o importante que son a familia e os nosos devanceiros, ao descubriren cousas do seu propio pasado. Chegarán a tempo para impedir que unha moza case por obriga cun sinistro nobre, e tentarán poñer a salvo unha alfaia de gran poder. Iso, se unha perigosa banda de ninjas ou un misterioso dragón, non aparecen para mudalo todo. Loitas de poder entre samurais, seres mitolóxicos, amor, traizón... e un Toxo mutante que garda unha chea de sorpresas.

"Megatoxos e o dragón de xade", Anxo Fariñas. Ed Xerais

5. Escribe coma sería a contracción de:

- | | |
|--------------------------------|----------------------------------|
| • a+ a = <input type="text"/> | • con+unha= <input type="text"/> |
| • a+o= <input type="text"/> | • de+un= <input type="text"/> |
| • con+a= <input type="text"/> | • en +unha= <input type="text"/> |
| • por+as= <input type="text"/> | • con+un= <input type="text"/> |
| • de+o= <input type="text"/> | • de+unhas= <input type="text"/> |
| • a+as= <input type="text"/> | • en+unha= <input type="text"/> |
| • con+o= <input type="text"/> | • en+un= <input type="text"/> |
| • de+a= <input type="text"/> | • de+uns= <input type="text"/> |
| • en+a= <input type="text"/> | • con+uns= <input type="text"/> |

6. Do seguinte texto elixe como se formaron as contraccións .

Os Megatoxos son catro mozos que teñen que compatibilizar as clases no instituto, cunha dobre vida que os impulsa a viaxar na procura dunha cura para a súa mutación xenética, un cambio provocado por unha planta moi especial, o Toxo. Esta planta mutante ten, entre outras, a capacidade de viaxar no espazo e no tempo. Os Megatoxos, en pasadas aventuras, estiveron na época Castrexa, na Idade Media, e na Revolución industrial en París.

Todos os humanos teñen dúas caras: a luminosa e a escura. A primeira é a que normalmente amosamos diante dos nosos semellantes, mais, as veces, o demo interior pugna por saír á superficie.

Que pasaría se esa vertente sinistra tomase o control? E se lle acontecese a unha persoa cun alto potencial como Lúa? E se o poder do Toxo complicase aínda máis a situación?

O instituto dos Megatoxos cae en desgraza e unha horrible transformación esténdese polo alumnado e mais o profesorado. Entrementres, en Venecia, unha misteriosa raíña trata de dominar o mundo grazas ao poder do Toxo. Os dous escenarios están intimamente ligados, e só os Megatoxos poden resolver a crise que ameaza os dous mundos.

"Megatoxos e a cara oculta da lúa", Anxo Fariñas. Ed. Xerais



7. Corrixe os seguintes exercicios.

a) En o mes de abril non fomos a o instituto.

.....

b) Púxenme os pantalóns de a miña irmá con uns tacóns moi altos.

.....

c) Aínda que non vexo a os meus amigos falo con ele por o móbil ou con un ordenador.

.....

d) Fixen moitas diademas: con un fío e con unhas contas, tamén con uns lazos e con unha flor, logo regaleinas por a rúa e por o peirao.

.....

e) Vou a a praia de o río, logo bañareime en a lagoa.

.....

f) O paraugas de o meu pai está en o paraugueiro de a entrada.

.....

8. Completa ti de novo os cadros.

PREPOSICIÓN + ARTIGO DETERMINADO

	A	AS	O	OS
DE				
POR				
A				
CON				
EN				

PREPOSICIÓN + ARTIGO INDETERMINADO

	UNHA	UNHAS	UN	UNS
CON				
DE				
EN				

9. Busca nesta sopa de letras 10 contraccións e escríbeas.

m	o	c	i	z	o	c	p
n	d	u	n	h	a	u	l
o	b	n	o	d	f	n	ñ
s	p	t	s	d	o	s	p
a	o	d	s	u	g	n	o
r	l	e	o	c	h	g	l
z	o	d	c	u	n	h	a
h	s	i	b	v	b	m	l